

Lexicógrafo en grego clásico e moderno en centos de palabras estudadas e outras inéditas.

Voume parar agora en catro momentos da vida do meu pai.

O primeiro é cando dí, de neno: "Eu quero estudar". Atopeino escrito nunha autobiografía inacabada na que rememora o diálogo cos seus pais:

Sendo eu neno quería saber máis e preguntáballe ós meus pais que pouco ou máis ben nada podían contestar, e, entón o mestre don Pío díciame que todo viña na Enciclopedia que por fin me compraron e que memoricei de principio a fin. Como non traballaba no campo, era pastor de cabras e ovellas arrente dos terraplens da vía do tren sempre coa enciclopedia na mán, paseando ou deitado nas xestas. Un veciño que pasaba de cotía a cabalo, o Curilla diciá ao tempo que collía o libro:

-A ver rapaz. Vouche preguntar por donde saia.

E o Curilla quedaba abraiado por aquel saber memorístico. Pero este neno, este pastor intelectual seguía sempre coa mesma teima:

-Eu quero estudar, eu quero estudar.

Os pais fartos, contestábanlle:

-Non che compramos xa a Enciclopedia que pidías? Que máis queres?

-Eu quero estudar outras cousas que hai ademáis da Enciclopedia, que xa a sei toda.

—Que queres que fagamos? Que para que ti poidas estudar vendamos as veigas, os montes e as pesqueiras que temos e vaíamos pedir polas portas.

Este diálogo foi real e está manuscrito nesa autobiografía, como veño de dicir, titulada precisamente con esa frase: *Eu quero estudar*. Ese neno tiña menos de doce anos porque foi a partir desa idade cando entrou no Seminario Conciliar de Tui polos seus méritos non da mán de don Crisanto Baena Rivas como se ten dito. Don Crisanto -según escribiu o meu pai- convenzeuno para que se presentara a un concurso de becas que se realizaba no Seminario e tivo que pasar un exame e co seu esforzo foi aceptado. Non entrou como se nada, entrou polos seus coñecementos.

O segundo é cando tiña 38 anos e dixo "Tengo las puertas abiertas". Despois do seu paso por cárceres consegue a liberdade definitiva en xullo de

1942; está libre e convertese nun profesor sen papeis, non ten diploma ningún, nin sequera o bacharelato. Grazas o xesuita Padre Baena que lle da boas referencias ao director do colexio Labor, obtén praza como profesor no citado colexio. Pois un día chegou a casa dicino esa frase: "Tengo las puertas abiertas". A min unha nena de catro anos non se me esqueceu a súa expresión radiante, o seu entusiasmo incontable; non voltei a velo nunca máis na vida an contento. Cancelábanse os seus antecedentes penais. Tiña 38 anos e comezaba agora para o fillo do Reloxeiro unha carreira a contrareloxo. Pasa a proba de grao do bacharelato obtendo a cualificación de matrícula de honra. Ese mesmo ano (1955) comeza e remata en cinco anos a Licenciatura de Filosofía e Letras (sección de Historia) pola Universidade de Santiago de Compostela, sendo alumno libre e impartindo ó mesmo tempo clases nos colexios Cluny e Maristas ademáis de clases particulares. Erguíase todos os días as 6 da mañá e subía o Castro a preparara as materias antes de impartir as clases diarias. Agora xa non era pastor de cabras e ovellas, pero co libro sempre na mán estudaba outras cousas.

O terceiro caso foi outra frase importante del. Dixo un día: "Quero dignificar o galego por medio dos clásicos imperecedeiros; quero que Homero fale galego". Con estas verbas resumía así o seu labor de tradutor.

Vivín de primeira mán os esforzos, as moitísimas horas de traballo para conseguir unha tradución rigurosa dos 15693 hexámetros que compoñen a *Iliada*. Moitas veces, parado nun hexámetro que se lle resistía, tendo abertos enriba da mesa varios estudos e versión en francés, portugués ou castelán, líame os versos gregos e as diferentes traducións e comentábame: "Non dí o que Homero dí aquí", e así ata que daba coa versión literal non paraba.

O cuarto punto é a frase "Sempre por diante unha nova ilusión". Estes son os versos dun poema escrito dous anos antes da súa morte. Os últimos anos da súa vida, enfermo, as pernas apenas se lle movían, os brazos case nada e custáballe moito coller o bolígrafo polo que se valía de notas escritas, de mala calidade, para comunicarse. Aínda nestas condicións seguía lendo e estudando cunha vontade máis que espartana e adicábase entre outras cousas a tradución de poetas dunha escolma

de poesía neohelénica ó galego que tiña sempre enriba da mesa. Para que a súa escritura fora lexible tiña posada case toda a versión galega escribindo cun dedo de cada man na súa ancestral maquina de escribir. Nunha desas notas que nos pasaba a familia—cando xa non podía falar—pide que se lle inserte no faro de Vigo un anuncio solicitando unha secretaria con coñecementos de galego normativo. Ese anuncio apareceu publicado o 16 de maio de 1994 e só un mes despois, o 28 de xuño, emprendía a súa viaxe como Odiseo, per sen retorno esta vez.

É precisamente nesta letra escrita en situación tan adversa donde recolle a selección máis fermosa de poemas neohelénicos traducidos ao galego, como ben dixo o catedrático Moralejo. Son fermosísimas as traducións de Kavafis: *Itaca*, *As fiestras*, *Os muros*; de Elytis, *A mariña da roca*, *O mariñeiro do xardín*, etc.

Para rematar vou a leer un pequeno poema de Kavafis que se titula *Muros*, e que tanta ben ilustra como foi a vida de meu pai.

Dí así:

Sen vergonza, sen compaixón, sen piedade grandes e altos arredor de mín construíron muros i eu estou quedo e desespérome agora aquí. Noutra cousa non penso. A miña alma devora este destino. porque moitas cousas alí fora tiña que facer. Ah! Cando construían os muros como non me dín conta? Mais con todo nunca oín ruido ou vos de albanéis se nque eu puidese sentir encerraronme desde o mundo exterior.

Poesía neohelénica, Versión bilingüe.

Moitas grazas.



Recitáronse poemas e textos de Evaristo de Sela

A FERRADURA

Veñan cravos e martelo
e tamén a ferradura
que quero pó-la na porta
para que non entren as bruxas.

E poreina boquenriba
para que sexa máis segura
pois estando boquenbaixo
din qu' inda pasan algunhas.

Agora xa nin o gando
nin as ovellas ou burras
entraran trasnos ou meigas
anque veñan todas xuntas.

Inda falta no puleiro
para que non veña a garcuña
qu' é a bruxa prás galiñas
máis temida e máis segura.

Á porta da casa teño
para que non me queden dudas,
unha arriba e outra abaixo
para que non pase nin pulga.

Xunto a min xa non se achegan
pois traio cheas as bolsas
de allos, trovisco e herbas
bendecidas polo cura.

¡Ai! Qu' inda falta a chivita...
ven aquí miña catuxa,
e poreiche pendurado
un saquiño con unturas.

E bueno, xa estou tranquilo
contra demos, meigas, bruxas...,
traio unha figa colgada,
fágome cruces a miudo.

E si alguén me bota a ollada
imeigas fora! ¡Deus me axuda!
i así berrando e gritando
nin a Compañía me atura.
Trovisco e allos e figas,
cruces e máis ferraduras
que anque veña o inferno enteiro
a min non me entra nin uña.

FLECHA

Yo quiero que tu sepas mis pesares
y gustes del dolor de mi existencia.
Yo quiero que compartas cada día
las lágrimas que vierto por mis penas.
Quizás soy un ingrato porque quiero
que sufras inocente mi condena;
pero es tanto el alivio que me causas
que olvido el sacrificio al que tu llegas.

Anoche el corazón me replicaba
¿no ves que ya está llena la bodega?

No cabe ya más pena ni amargura;
aguarda y construyamos otra nueva.
¡Mi pobre corazón! ¿Es que no sabes
que nadie una vasija más nos presta?

El mundo está roído de veneno
y todas las vasijas están llenas.

Por eso me he acercado con dulzura
y pulso entre suspiros a tu puerta;
por eso te suplico que compartas
las lágrimas que vierto por mis penas.

O ECO DAS BAGOAS

Encol das montañas
esparce os seus raios
o sol que s' espide
das vilas, dos campos,
cal nai garimosa

que con doce encanto
espide os seus fillos
cun bico ó deitalos.

A xente na aldea
ó fin do traballo
vai vindo pras casas
sorrindo e cantando,
que o canto é un don
subrime, sagrado
que as meigas na terra
pr' alivio deixaron.
Mais...iai! Que na esquina
daquil mesmo barrio
non cantan que choran...
que a vida é engano

que o choro é a mostra
dun peito esmagado.
¡Tres vidas que viven,
que viven chorando!
¡tres corpos que esperan,
que esperan un adro!
A nai de tres fillos,
ia nai de tres anxos!
de día pedindo,
de noite chorando.
¡Que triste, que triste
que triste é o escravo!
Os choros doridos

d' aquel dor amargo
fendéronme o peito
ó seren levados
dos ventos lixeiros
sin ser remediados...
e as bagoas na cara
d' amor me baixaron
namentras dicía
tremendo ó pensalo:
¡que triste, que triste
sin ser remediados...
de día pedindo,
de noite chorando!

Homenaxe a Evaristo de Sela

A Granxa, 27 novembro 2011

Participantes

Manuel Alvarez Groba (presentador e orador)

Xesús Alonso Montero (orador)

Juan José Moralejo Alvarez (orador)

Victor Fernández Freixanes (orador)

Agapito Valado Fernández (orador)

Stella Maris González Balbuena (oradora)

Xavier Simón Fernández (orador)

Uxía Mariño Casas (lectora)

José Manuel Mariño Casas (lector)

Andrea González Troncoso (lectora)

Agueda Gil Tato (lectora)

Andrea Gil Tato (lectora)

Mencía Alvarez Troncoso (lectora)

Natalia Valado Gregorio (lectora)

Paula Lima Casas (lectora)

Jairo Carrera Groba (músico)

Abraham Carrera Groba (músico)

Daniel Rodríguez (guitarra)

Manuel Groba Alonso (organización e montaxe)

Eugenio Carballo Groba (organización e montaxe)

Antonio Carballo Groba (organización e montaxe)